

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez

**NON ASISTEN:**

**Invitado:**

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e dous de febreiro do ano dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Álvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1.- ACTAS ANTERIORES.**

Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 08 e 15 e extraord. urx. do 15 e 19 de febreiro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

**ASESORÍA XURÍDICA**

**2.- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POLA ASESORÍA XURÍDICA.**

A Xunta de Goberno Local queda informada das seguintes sentenzas e autos remitidos pola Asesoría Xurídica:

a).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº 328/2011 p.a. Demandante: D. Celso Alonso Blanco. Obxecto: Reclamación de retribucións. 2ª INSTANCIA APELACIÓN nº 262/2012. TSXG, Sala do C-A, Sección 1ª. Declara deserto o recurso, con custes taxadas á apelante. Expte Nº 7102-111

b).- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª. RC-A nº 02/4479/2010. Demandante: "ASOC. PROF. PROV. DE AUTOTAXIS DE PONTEVEDRA". Obxecto: Réxime de descansos rotatorios por quendas un día por semana (período de proba). Non firme, desestima o recurso. Expdte. Nº 6331-111.

c).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº 140/2012 p.o. Demandante: "VODAFONE ESPAÑA, S.A.". Obxecto: Liquidación de taxas por ocupación de vía pública por servizos de telefonía móbil. Non firme, estima o recurso, anula os actos recorridos e as liquidacións, con custas taxadas. Expdte. Nº 7324/111

d).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº 150/2012 p.o, (e 170/2012 acumulado). Demandante: "FRANCE TELECOM ESPAÑA, S.A.". Obxecto: Liquidación taxas por utilización da vía pública para servizos de telefonía móbil 2010 e 2011 e cuestión de ilegalidade de 3 artigos da OF nº 35. Non firme, estima o recurso, anula o acto e as liquidacións recorridas. Expdte. Nº 7359/111

e).- Sentenza do Xulgado Primeira Instancia nº 8 DE VIGO, xuízo verbal (civil) nº 627/2012. Demandante: Dª JOSEFA FRAGA CONDE. Esta Sentenza, firme, estima a demanda (acción reivindicatoria) e declara que o "ramal 1 do Camino do Castañal con inicio no Camino do Castañal e remate na finca nº 7." é da propiedade da actora, condenando ao Concello á "restituir" o terreo reivindicado, con custas de oficio. Expdte. Nº 7585/111

f).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº P.O. 317/2011. Demandante: CP. LOCAIS COMERCIAIS DA ÁREA DO MERCADO DO PROGRESO. Obxecto: peche de comunicación interior entre o Mercado Municipal e os locais comerciais privados. Non firme, nega a existencia de título xurídico que xustifique a pretensión da demandante. Expdte. Nº 6849/111.

g).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº 364/2012 RA. Demandante: Dª ESTRELLA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. Obxecto: caída na vía pública. Sentenza, firme, desestima o recurso. Expdte. Nº 7709/111.

h).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº 341/2012 RA. Demandante: D. EMILIO BARROSA ÁLVAREZ. Obxecto: Sanción de tráfico. Firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio. Expdte. Nº 7698/111

i).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A P.O. 75/2011. Demandante: D. JOSÉ CARLOS ALONSO PÉREZ. Obxecto: accidente moto. Firme, estima parcialmente o recurso e condena á contratista {SERCOYSA P.-

C.S.A.) a indemnizar ao demandante, absolve ao Concello e á súa aseguradora. Expdte. N° 6810/111.

l).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 1 de Vigo. RC-A n° 98/2011 P.O. Demandante: "EXCLUSIVAS ORALFI, S.L.". Obxecto: Resolución TE-A. Firme, desestima o recurso. Expdte. N° 7070/111.

m).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 2 de Vigo. RC-A n° 396/2012 RA. Demandante: REALE CÍA. DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A. Obxecto: asolagamento Cánido n° 241. Acepta o desestimento da actora ( a concessionaria indemnizou á reclamante). Expdte. N° 7722/111

n).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 1 de Vigo. RC-A n° 83/2011 P.O. Demandante: D. MANUEL MARTÍN SABOR. Obxecto: caída na vía pública. Non é firme, desestima o recurso. Expdte. N° 6833/111

ñ).- Auto do Xulgado de Primeira Instancia n° 7 de Vigo. Procedemento Ordinario n° 699/2005. Demandante: D. Jesús Freiré Pichín e outras 3 persoas máis. Obxecto: Ac-cións declarativas de dominio e dereitos edificables e negatoria de servidumes. Non é firme, declara a caducidade do procedemento (art. 237.1 e 240.2 LAC) e ten por desistidos aos actores da demanda. Expdte. N° 6833/111 <sup>7</sup>

o).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 2 de Vigo. RC-A n° 166/2011 p.o. Demandante: D. Luis R. Álvarez Martín. Obxecto: accidente ciclista. 2ª INSTANCIA APELACIÓN n° 7122/2012. TSXG, Sala do C-A, Sección 3ª . Resolve a apelación da actora, desestimándoa, con custas taxadas. Expdte. N° 6666/111

p).- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 1 de Vigo. RC-A RA. 374/2012. Demandante: Dª Mª ISABEL MARTÍNEZ ALONSO. Obxecto: caída na vía pública. Sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, anula o acto recorrido. A contratista (Aqualia) manifesta que vai asumir directamente a execución do resolto. Expdte. N° 7715/11

q).- Sentenza do Xulgado do Social n° 5 de Vigo. Recurso: 821/2012. Demandante: DELFINO PEREIRA RODRÍGUEZ. Sentenza firme, estima a demanda en materia de impugnación de sanción que interpuxo o demandante. Xulgado do Social n° 5 de Vigo. Expte. 7565/111.

r).- Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 1 de Vigo. RC-A n° RA. 366/2012. Demandante: D. MANUEL MONTES PINTOS. Obxecto: asolagamento do vehículo. Declara rematado o procedemento. Expdte. N° 7716/111.

### **BENESTAR SOCIAL**

### **3.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN CASA DE CARIDADE-HOGAR SAN JOSÉ. EJERCICIOS 2013-2014. EXPTE. 80155/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 11-01-13, da técnica de Servizos Económicos de Política de Benestar, conformado polo xefe de área, pola concelleira-delegada de área e pola concelleira-delegada de

Economía e Facenda; vistos así mesmo os informes xurídico do 22-01-13 e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de datas 29 de xaneiro e 12 de febreiro de 2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á “Fundación Casa de Caridad -Hogar San José” por un importe total de 46.000 euros, con cargo á partida 2310.4890005 –Convenio Comedor da Esperanza-.

Segundo.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade “Fundación Casa de Caridad -Hogar San José”, colaboradora co Departamento de Política de Benestar, para a atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos principalmente.

Terceiro.- Aprobar o gasto total de 46.000 euros a favor da Casa de Caridad –Hogar San José-, CIF G36626174, con cargo á partida 2310.4980005 –Convenio Comedor Esperanza-, correspondendo a cantidade de 23.000 euros ao orzamento de 2013, e 23.000 euros ao orzamento de 2014, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Casa de Caridad –Hogar San José- no orzamento de dito ano.

**“CONVENIO DE COLABORACION COA FUNDACION “CASA DE CARIDAD DE VIGO-HOGAR SAN JOSÉ”**

Vigo, de de 2013  
R E U N I D O S

*Dunha parte, Dona Isaura Abelairas Rodríguez, Concelleira-Delegada da Área de política de benestar, en uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación de réxime local (art. 127 Lei 7/85 e Decreto de delegación da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de xuño de 2011).*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> María Ángeles Oviedo Vidal, dni. 10169182P, en representación da Fundación Casa de Caridad de Vigo-Hogar San José, en diante Casa de Caridad, NIF G36626174, con enderezo a efectos de notificación na Rúa San Francisco nº 69 de esta cidade.*

*Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**M A N I F E S T A N**

*I- Que Casa de Caridad ten entre os seus obxectivos a atención e promoción de persoas en desvantaxe social dende o principio da autodeterminación e a promoción persoal e social. A Casa de Caridad” adícase á atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión, que residen temporal ou permanentemente neste Concello, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal, a través dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este. O Comedor de la Esperanza dependente da Casa de Caridad constitúe un equipamento propio dos servizos sociais de atención primaria desta cidade, sendo esta Fundación unha entidade sen ánimo de lucro*

que ven asistindo ás persoas en estado de necesidade dende hai moitos anos en colaboración cos servizos sociais municipais.

*II- O Concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situacións de emerxencia social, que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas. Este recurso é un complemento dos recursos propios de servizos sociais de que dispón o Concello.*

*A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio nos de poboación superior a 20.000 habitantes.*

*A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto.1 dí: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí: Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública. Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.*

*A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación*

económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o financiamento dun comedor social e unha unidade de hixiene vinculada a este, para a atención e promoción de persoas en desvantaxe social.

IV- Que a entidade Casa de Caridad non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a actividade da Casa de Caridad, o Concello de Vigo e a dita entidade convenían a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base os seguintes:

#### PACTOS

##### Primeiro.-

A entidade Casa de Caridad comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo en canto a atención das persoas en risco de exclusión ou situación de emerxencia social e, concretamente a:

1º- A xestionar o funcionamento dun comedor social e unha unidade de hixiene vinculada a este, para a atención de persoas en risco de exclusión social con necesidades de manutención e de hixiene persoal, que residen temporal ou permanentemente neste Concello. Ó comedor poden acudir as persoas directamente ou derivados polos servizos sociais de atención primaria do Concello

2º- A ofrecer a través dos citados equipamentos un servizo de almorzo ou xantar para persoas con necesidade de alimentación e un servizo de duchas e roupeiro que cubra as necesidades básicas de hixiene, roupa e calzado que poidan presentar as persoas usuarias. Ó longo do ano realizarán unha actividade convivencial de un día de duración, fora do concello para o que utilizarán un medio de transporte.

3ª.- A entidade Casa de Caridad comprométese a colaborar coa concellería de Política de Benestar cos instrumentos de coordinación de REDESS e especialmente, dentro das súas posibilidades, na plataforma informática da mesma.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

##### Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

*Conceder directamente á entidade Casa de Caridad dunha subvención para o exercicio 2013 por importe de 23.000 euros co obxecto da atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión, que residen temporal ou permanentemente neste Concello, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal, a través dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este. Este contrato estará suxeito a lexislación vixente sen que en ningún caso, supoña unha relación laboral co Concello de Vigo. Para o ano 2014, o importe da subvención a conceder será de 23.000 euros.*

Terceiro.-

*Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

Cuarto.-

*Co amparo legal do artigo 31 punto 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, a vixencia do presente convenio será plurianual, con una duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de decembro do ano 2014.*

*Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade total de 46.000 euros, dos cales 23.000 euros irán con cargo ao orzamento de 2013, e 23.000 con cargo ao orzamento de 2014.*

*Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio, 2013 e 2014, efectuaranse do seguinte xeito:*

*- No ano 2013, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2014, o 50% da cantidade anual, nos tres primeiros meses do ano. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*

*- O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro de cada un dos anos, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos*

*gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.*

Quinto.-

*Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Sexto.-

*No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.*

Sétimo.-

*Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Casa de Caridad e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.*

Oitavo.-

*Para a xustificación do ano 2013, a beneficiaria, antes do 31 de xaneiro de 2014 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para o ano 2014, a xustificación deberá realizarse ata o 31 de xaneiro do ano 2015. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados; procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.*

*Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

*-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas*

*-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*

- Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
- Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cotas da Seguridade Social.*



- *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
- *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.*
  - Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
  - Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, aos efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

#### *Noveno.-*

*Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

#### *Décimo.-*

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2013 para o primeiro ano de vixencia do convenio. Para o ano 2014 serán gastos subvencionables os que respondan a natureza da actividade e se realicen dentro de ese ano.*

#### *Décimo primeiro.-*

*A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

#### *Décimo segundo.-*

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.-*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.-*

*Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.-*

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.*

*Décimo sexto.-*

*Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Casa de Caridad poderá ter algunha ampliación nos contidos do seu obxecto a proposta dos asinantes a través da comisión de seguimento.*

*No caso de que supoña aumento da cantidade anual subvencionada deberá facerse constar nunha addenda que respectará os contidos fundamentais recollidos no presente convenio e aprobarase polo órgano competente, previo informe favorable dos/as técnicos/as*

*municipais responsables do programa e pola intervención xeral cara a verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Décimo sétimo.-

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento”*

#### **CONTRATACION**

#### **4.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA: EKIPO, S.L. EXPTE. 4356/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 11-02-13, do xefe da oficina administrativa de Contratación; vistos os informes da oficina técnica e da Intervención Xeral municipal de datas 6 e 8 de febreiro de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a EKIPO, S.L. a garantía de 2.603,98 euros constituída para responder do subministro de mobiliario para os centros cívicos de Saiáns e auditorio de Valadares xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

#### **5.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA: SETGA, SLU. EXPTE. 4281/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 05-02-13, do xefe da oficina administrativa de Contratación a Xunta de Goberno Local acorda:

Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 18-01-2013 e polo tanto, devolver a SETGA, S.L.U. a fianza de 3.559,32 euros, así como o importe de 668,04 euros ingresado en concepto de anuncios publicados para a licitación do subministro de bebedeiros e xardiñeiras para parques municipais, toda vez que o correspondente expediente quedou sen efecto.

#### **6.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA: UTE LIBER-CUENTOS DEL MUNDO. EXPTE. 4354/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-02-13, do xefe da oficina administrativa de Contratación; vistos os informes do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas do 30-01-13 e da Intervención Xeral municipal do 01-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a UTE CUENTOS DEL MUNDO SHALIB, S.L.-LIBER DISTRIBUCIONES EDUCATIVAS, S.L. a fianza de 6.193,42 euros constituída para responder do subministro de material bibliográfico para a biblioteca Xosé Neira Vilas xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

## **7.- SOLICITUDE DE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A., DE ACLARACIÓN AO PT DE SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓN. EXPTE. 6446/113.**

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte resposta técnica de aclaración de data 11-02-13, asinada polo técnico responsable de Seguridade, Redes e Comunicacións e solicitada por Telefónica de España, S.A.:

*“Telefónica de España S.A. Presenta no rexistro o documento nº 130016489 onde solicita aclaración dun apartado do prego de prescricións técnicas do Concurso do Servizo Integral de Comunicacións, expte 5896-113.*

*En concreto a consulta presentada é:*

*“En el apartado “6.2 Especificacións técnicas de voz integrada e non integrada” (página 22) se especifica “Soporte dos seguintes protocolos para os terminais de telefonía: SIP, H323, MGCP”*

*La cuestión que deseamos formular es la siguiente:*

*Respecto a la susodicha prescripción, nos gustaría se nos aclarase si los terminales utilizados han de soportar los 3 protocolos o es suficiente que soporten al menos uno de ellos”*

*En resposta á pregunta anterior :*

*A prescripción debe interpretarse do xeito menos restritivo posible, é dicir, é suficiente que os terminais soporten a lo menos un dos protocolos especificados.”*

## **CULTURA**

### **8.- CONTRATOS DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA, XANEIRO 2013. EXPTE.14131/331.**

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento e do acordo de Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Festas, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Cultura e Bibliotecas no mes de xaneiro, e que son os que deseguido se relacionan:

Nº EXP.	CONCEPTO	DATA	PARTIDA	TIPO EXP.	Nº RC	IMPORTE	PERCEPTOR	CIF/NIF
14108/331	Mantemento integral dos ascensores de Casa Galega da Cultura	10/01/13	2279906	Servizos	2045	5.739,42 €	Schindler S.A.	A50001726
14109/331	Mantemento ascensores da Biblioteca Pública Central de Vigo	11/01/13	2279906	Servizos	2355	7.107,96 €	Kone Elevadores S.L.	A28791069
14112/331	Mantemento da porta corredeira automática da Biblioteca Pública Central de Vigo	10/01/13	2279900	Servizos	2354	863,94 €	Puertas Atlántico S.L.	B36826162
14115/331	Mantemento das instalacións de seguridade e conexión á central de alarmas da Biblioteca Xosé Neira Vilas	14/01/13	2279901	Servizos	2588	6.470,00 €	Securitas Seguridad España S.A.	A79252219
14116/331	Mantemento e subministración de colectores hixiénicos para a Biblioteca Pública Central de Vigo	10/01/13	2211000	Servizos	2056	499,20 €	Linorsa Limpiezas del Noroeste S.A.U.	A36621464
14117/331	Mantemento dos sistemas de climatización en dependencias culturais	10/01/13	2279900	Servizos	2046	7.260,00 €	Altair Ingeniería y Aplicaciones S.A.	A15208408
14118/331	Mantemento dos grupos electróxicos na Biblioteca Pública Central de Vigo	11/01/13	2279900	Servizos	2356	1.270,50 €	Sielvigo S.L.	B36823227

A Xunta de Goberno Local queda informada.

## **DEPORTES**

### **9.- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO. TEMPORADA 2012-2013. EXPTE. 11943/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director deportivo do IMD do 14-02-13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, visto o informe da Asesoría Xurídica, do 05-02-13, o informe do coordinador deportivo do IMD do 07-02-13 e o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 13-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro.-** Aprobar as bases reguladoras e da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da tempada 2012/2013.

**Segundo.-** Autorizar o crédito de 600.000,00€ (seiscentos mil Euros) con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 "Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro" do vixente orzamento.

**“Bases e Convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á actividade deportiva da tempada 2012/2013.**

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2 establecen que o municipio exercerá en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e instalacións deportivas e a Lei 3/2012, de 3 de abril, do Deporte de Galicia, no seu artigo 8.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar, promover e difundir o deporte.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2013 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 “subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro”, un crédito por un importe total de 600.000,00€ (Seiscientos mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2012/2013.

**SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado correspondan ao funcionamento da entidade, os ocasionados pola actividade propia desta e os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas, tales como os gastos de pagamento de licencias federativas, viaxes, aloxamento e comidas, arbitraxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo da tempada 2012/2013, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 18.000€, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións. As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización de eventos deportivos, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade durante a tempada.

A tempada deportiva 2012/2013 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou dos deportistas individuais. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe que se achegará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

**TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 600.000,00€ (Seiscientos mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 “Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen

nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

#### **QUINTA.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2.1. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

2.2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2010-2011, 2011-2012 ou 2012-2013.

2.3. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

3. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4. Débedas coas Administracións Públicas:

- As entidades que soliciten subvencións por importe superior a 3.000,00€:
  - Acreditarán acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
  - Autorizan á Comisión avaliadora a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achán ao corrente das súas obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria, o Concello de Vigo e o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presentar a súa solicitude de subvención, consente tal extremo.
- As entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€:
  - Acreditarán que se achán ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia

Tributaria, o Concello de Vigo e o IMD mediante a presentación dunha declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

En calquera dos casos, entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.

#### **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.-Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.

2º.-Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.-Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito para a no procedemento de concesión da subvención.

4º.-Dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.

5º.-Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

6º.-En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

#### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 100 puntos:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1.	Relevancia da modalidade deportiva e nivel das competicións en que participen os equipos ou deportistas integrantes da entidade deportiva.	Ata 35 puntos
a.2.	Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local.	Ata 25 puntos

b) Promoción do deporte base:

b.1.	Promoción da actividade deportiva na base; terase en conta a participación ou non no programa Municipal de escolas deportivas, os proxectos de colaboración asinados con centros educativos para o desenvolvemento de programas deportivo-educativo.	Ata 5 puntos
b.2.	Número de equipos e/ou deportistas de categoría feminina.	Ata 10 puntos
b.3.	Número de equipos e/ou deportistas ata categoría xuvenil incluída.	Ata 10 puntos

c) Estrutura da entidade deportiva:

c.1.	Gastos en aluguer de instalacións deportivas.	Ata 5 puntos
c.2.	Desprazamentos a competicións oficiais, distancia e número de deportistas desprazados.	Ata 5 puntos
c.3.	Número de técnicos titulados no proxecto global do club. Na	Ata 3 puntos



	valoración deste criterio terase en conta a presentación das copias compulsadas dos títulos dos monitores/entrenadores aos que se desexa incluír na valoración, xunto con unha certificación asinada polo secretario do club no que se constate o proxecto/equipo ao que se vincula cada monitor, coa sinatura e o Vº Bo do monitor.	
--	--	--

d) O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valorarase ata 2 puntos. Na valoración deste criterio terase en conta o emprego da lingua galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de promoción, cartelería, anuncios..., e en xeral na realización das actividades da entidade.

Os datos a puntuar corresponderán as actividades da tempada 2012/2013.

#### **OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.**

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos no apartado anterior.

O importe total da convocatoria se distribuirá entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

#### **NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

#### **DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### **DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade petionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

#### **1.- Anexos: Modelos e certificados de solicitude correspondentes ós anexos I de solicitude da subvención:**

Anexo I.1	<u>Instancia</u> de solicitude da subvención.
Anexo I.2	<u>Certificado das competicións</u> e categorías nas que participa.
Anexo I.3	<u>Orzamentos</u> de Ingresos e de gastos.
Anexo I.4	<u>Declaracións responsables:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sobre as subvencións solicitadas e/ou concedidas.</li> <li>• Sobre a non incursión nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sobre a representación legal da entidade.</li> <li>• Sobre a ausencia de débedas coa Consellería de facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, a Seguridade Social, o Concello de Vigo e o IMD (<b>No caso de solicitar unha subvención por importe inferior a 3.000,00€</b>).</li> </ul>
--	--

## **2.- Outra documentación obrigatoria:**

2.1.Certificado orixinal ou copia compulsada da Federación correspondente do número de equipos federados en cada categoría e do número de licencias en cada categoría por xénero na tempada 2012/2013.

2.2.Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.

2.3.Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.

2.4.Fotocopia autenticada dos estatutos polos que se rexe a entidade.

2.5.Fotocopia autenticada do D.N.I. Do asinante da solicitude de subvención.

2.6.Proxecto das actividades da entidade, cos datos referentes ás actividades nas que participan e as que organizan, etc. (Competicións nas que participa, nº de equipos e/ou deportistas, categorías, desprazamentos, torneos ou competicións nos que participa ou aqueles que organiza e que colaboran na dinamización do deporte local...).

2.7.Calendarios oficiais de competición.

2.8.**No caso de solicitar unha subvención por importe superior a 3.000,00€**, deberán presentar xunto coa solicitude os Certificados orixinais ou copias compulsadas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social

## **DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

## **DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

### **Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.**

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

### **Publicidade das subvencións concedidas.**

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a

que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia páxina web do Concello de Vigo.

#### **Publicidade do financiamento público.**

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

#### **DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo concelleiro de Deportes, o xefe de Servizo da Área de Deportes e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada.

#### **DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 31 de outubro de 2013 (Incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibe-la subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen.

Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar:

1.- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, cuns contidos mínimos **no aspecto deportivo** (Incluíranse os datos referentes ás competicións nas que participou a entidade, os equipos ou deportistas que a integran, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso,...).

2.- Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación):

Anexo II.1	Conta Xustificativa-Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
Anexo II.2	Declaración responsable
Anexo II.3	Balance de ingresos e gastos

3.- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

2º.- **Importe xustificativo:** Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

4º.- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais

(certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou pola propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

**5º.- Instalacións Deportivas Municipais:** En relación a xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**6º.-** Nas subvencións concedidas a entidades dependente ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

**7º.-** Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En todo caso, a solicitude de devolución das facturas deberá ser efectuada, por escrito, xunto a presentación da xustificación, e sempre previamente ó pago da subvención acadada.

4.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

#### **DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

## **VIXÉSIMA.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

### **Perda do dereito ao cobro:**

*Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

### **Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

*Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*

*Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

## **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

*Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

## **VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

*A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real*

*Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.”*

### **DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO**

#### **10.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E OS CENTROS DE ESTUDO MEGA, S.L. E CEICA, S.L, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORÁIS. EXPTE. 9509/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 11-02-13, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área; visto así mesmo o informe xurídico do 19-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a sinatura do convenio entre D Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Area de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e D. Giovanni Giardina Fernández, administrador de Centro de Estudios Informáticos, Contables y Administrativos, S.L.,(CEICA, S.L.) e Dna. Emma Martínez Garbín, administradora de Estudios Mega, S.L., para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos participantes nos cursos AFD.

Segundo.- En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenrolo do mesmo.

Terceiro.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

**“ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLO DE VIGO E O CENTRO DE ESTUDIOS INFORMÁTICOS, CONTABLES Y ADMINISTRATIVOS, S.L. (CEICA S.L.) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS INCLUIDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD (Accións Formativas para Desempregados) segundo as bases reguladoras da orde de 31 de decembro de 2012.**

Vigo,

**REÚNENSE:**

*Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de data 7 de febreiro de 2013.*

*Da outra, D. Giovanni Giardina Fernández, administrador do Centro de Estudios Informáticos, Contables y Administrativos, S.L., en adiante CEICA, S.L. con CIF B-36.858.074 e domicilio en / San Roque, 109 - interior de Vigo, CP 36205, que actúa en nome e representación da mesma inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, por D. Mariano Vaqueiro Rumbao, por tempo indefinido en el Tomo: 2370, Libro: 2370, Folio: 50, Hoja: PO-24321, Inscripción: 1ª.*

*Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,*

### **EXPOÑEN**

*Que ambas as partes recoñécense reciprocamente a capacidade e lexitimidade para acordar.*

*Que o obxectivo do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas dos alumnos dos cursos AFD segundo as bases reguladoras da Orde de 23 de xaneiro de 2013, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.*

### **ACORDAN**

*Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado dos cursos AFD.*

### **CLÁUSULAS**

**Primeira.-** *O alumnado dos cursos AFD desenvolverán actividades formativas programadas no centro de formación e servizos do Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución, esta será polo tanto estritamente académica.*

**Segunda.-** *O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado dos cursos AFD sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.*

**Terceira.-** *O número de alumnos en prácticas determinarase de mutuo acordo, entre ambas partes.*

*Calquera accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fora do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDAD CIVIL a favor do alumno, contratada por **CEICA, S.L.** e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno baixo ningún concepto, poderá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.*

*O Concello de Vigo en ningún caso asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.*

**Cuarta.-** *De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.*

*A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.*

**Quinta.-** *A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo.*

**Sexta.-** *Número de prazas*

*O Concello de Vigo acollerá de 1 a 6 alumnos do Centro CEICA, S.L. en calidade de estafía de prácticas.*

*Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.*



**Sétima.** - Número de horas e horario

As prácticas que realice o alumnado constarán de 120 horas e realizaranse en horario de 8.45 h a 14.30 h.

As prácticas non se recompensarán economicamente a ningún alumno/a.

**Oitava.** - O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, o que se lle comunicará a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a) Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.
- b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.
- d) Mutuo acordo entre CEICA, S.L., adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa. Igualmente poderase rescindir para un alumno, ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:
  - d.1) Falta de asistencia e/ou impuntualidade non xustificadas á realización das prácticas.
  - d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquera momento o requirimento de abandonar definitiva e temporalmente as dependencias do Concello, sin que poder esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación fehaciente a CEICA, S.L.

**Novena.** - O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2013, sen perxucio de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo."

## **FESTAS**

### **11.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CINECLUB LUMIÈRE VIGO, PARA A PROGRAMACIÓN DUN CICLO DE PELÍCULAS EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O ANO 2013. EXPTE. 4984/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do servizo de Festas do 31-01-13, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, pola concelleira-delegada de área e máis pola concelleira-delegada de Facenda; vistos os informes xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de datas 01 e 13 de febreiro de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Cine Club Lumière Vigo, para a organización da programación de cine en versión orixinal durante o ano 2013.

Segundo.- Facultar á concelleira de Festas para asinar o citado convenio.

Terceiro.- Autorizar un gasto por un importe de 13.500,00 euros a favor do Cine Club Lumière (CIF G-36.758.696) en concepto do estipulado no convenio, con cargo á aplicación 3380.489.0001 (Convenio C

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROYECCIÓN DE PELÍCULAS EN VERSIÓN ORIXINAL.**

Na Casa do Concello de Vigo, a

de dous mil trece

**REUNIDOS**

*Dunha parte, dona Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións nos concelleiros delegados.*

*Doutra, don Xoán Manuel Novegil González-Anleo, como presidente de CINECLUB LUMIÈRE VIGO, CIF nº G-36.758.696 e enderezo social na rúa Doutor Cadaval nº 33 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3935/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**MANIFESTAN**

*I.- Que Cineclub Lumière Vigo ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas. O Cineclub Lumière é a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega, que vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos de programación cinematográfica en versión orixinal.*

*II.- Que o Concello de Vigo está interesado en organizar iniciativas socioculturais que aumenten a súa programación, en especial a dirixida a públicos sectoriais e especializados, e por este motivo vén asinando convenios de colaboración similares desde o ano 2006.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento prorrogado, na aplicación 3380.4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 13.500,00 (trece mil cincocentos) euros, a favor da entidade CINECLUB LUMIÈRE VIGO.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización dunha programación ao longo do ano e da proxección de películas en versión orixinal.*

*V.- Que a entidade Cineclub Lumière Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4411335.*

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade CINECLUB LUMIÈRE VIGO, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

*Primeiro.- A entidade Cineclub Lumière Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto a organización dunha programación anual de películas en versión orixinal e, concretamente, a:*

*1º.- Presentar antes do día 15 de cada mes unha proposta de proxeccións para o mes seguinte, co obxecto da conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.*

*2º.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.*

*3º.- Realizar o evento segundo a programación proposta e o presuposto aprobado, comezando as actividades do programa á hora anunciada ó público e tendo comprobado coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento coa fin de realizar as correccións técnicas que fosen necesarias.*

*4º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a súa realización.*

*5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*

*6º.- Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas, este material deberá contar co seu logotipo. Ademais, farase mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Reservar as instalacións do auditorio da Casa do Concello para todos os luns dos períodos indicados do exercicio 2013 para a proxección das películas incluídas na programación obxecto deste convenio. Esta reserva tan só poderá ser modificada de forma excepcional por necesidades protocolarias do Concello, previa comunicación por escrito á entidade, cunha antelación mínima de 72 horas. Neste caso intentaríase buscar unha data alternativa de mutuo acordo, encargándose o Concello da difusión necesaria cara ó público. Así mesmo, en caso de realizar outros ciclos puntuais de proxeccións noutras datas, o Concello daralle prioridade para a reserva do recinto.*

*2º.- Conceder directamente a Cineclub Lumière Vigo, unha subvención por importe de 13.500,00 (trece mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da programación e proxección de películas en versión orixinal.*

*O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2013.1598.39.0200177272, domiciliada en Caixa Catalunya, da que é titular a entidade beneficiaria, segundo o seguinte:*

*a) Un primeiro pagamento por importe de 6.750,00 euros, dentro dos 15 días seguintes á finalización da programación do período xaneiro-xuño.*

*b) Un segundo e derradeiro pagamento por importe de 6.750,00 euros, o día 13 de decembro.*

*En ambos os casos, a entidade deberá presentar previamente a través do Rexistro Xeral Solicitud de pagamento e Memoria-avaliación das actividades, conforme o recollido no pacto noveno deste convenio.*

*A comprobación da subvención corresponderalle ao persoal técnico do servizo de Festas encargado do seguimento do convenio, que emitirá informe no que se poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, así como a conformidade cos documentos xustificativos presentados. O dito informe incorporarse ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.*

*Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.*

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días seguintes á finalización de cada un dos períodos de programación deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar a través do Rexistro Xeral:*

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

-De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Cultura e Festas a xefa do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

FERNANDEZ DIZ LISARDO	36.053.193	78.139	2	180
FERNANDEZ FARIÑA YOLANDA	36.060.524	80.498	2+2	360
FERNANDEZ GONZALEZ MIGUEL A	36.151.531	79.148	1	140
FERNANDEZ PAZ LINO	36.101.212	79.621	2+2	360
FONSECA PEREZ MERCEDES	36.056.931	23.449	3	290
FONTAN RIVEIRO ANA ISABEL (3)	36.122.975	77.177	2+3	470
FONTAN RODRIGUEZ ISABEL	36.050.213	23.700	3+3	580
FRANCO GONZALEZ ANGEL C	36.025.437	23.834	2	180
FRANCO GONZALEZ PILAR	36.011.266	23.716	2	180
FREIRE MIGUENS MONICA	36.137.586	79.392	1	140
FREIRIA RODRIGUEZ BENITO	36.105.845	80.331	2	180
GAGO ALONSO CRISTINA	36.060.539	18.595	2+2	360
GAMALLO REY ROSA	35.451.918	82.180	2+2	360
GARCIA GUNTIÑAS ESTIBALIZ	53.170.119	79.157	1	140
GARCIA GUNTIÑAS MONICA	36.078.735	79.839	2	180
GARCIA SOTO FRANCISCO J	36.029.618	79.367	2	180
GIL IGLESIAS M JOSE	36.060.340	21.893	2+3	470
GOMEZ ARGUELLO M <sup>a</sup> GUADALUPE	36.040.756	23.455	2	180
GONZALEZ COSTAS CONCEPC	36.062.214	78.704	2+3	470
GONZALEZ FERNANDEZ RAUL	35.557.377	82.360	1	140
GONZALEZ MOSQUERA ARANZAZU	20.172.895	77.173	1	140
GONZALEZ RODRIGUEZ EMILIA	36.068.508	80.773	2+2	360
GONZALEZ SEOAGE MANUEL	36.043.027	16.290	2	180
GONZALEZ VILA JUAN CARLOS	36.112.402	82.044	2	180
GUILLAN ANDREY ENRIQUE	36.105.005	81.648	1	140
IGLESIAS LOPEZ M <sup>a</sup> ISABEL	35.454.450	80.647	1+2+2+3	790
IGLESIAS PARENTE SONA MARIA	36.141.485	82.155	2+2	360
IGLESIAS TRABAZO JOSE ANTONIO	35.280.116	80.490	3	290
IGLESIAS VAZQUEZ M DEL CARMEN	36.034.114	77.271	2	180
IGREXAS MARTINEZ CARLOS	36.036.909	15.533	3	290

JORGE GARCIA M <sup>a</sup> MARGARITA	36.112.727	21.634	3+3	580
LAGO DAVILA JESUS	36.029.301	17.791	3	290
LAGO GUERRA JOSE MANUEL	36.092.048	82.357	1	140
LAMAS GONZALEZ FÁTIMA	36.095.223	80.564	1+2	320
LANDIN LORENZO ANGELES	36.091.654	81.470	2+2	360
LANDIN LORENZO MARIA	36.091.653	82.171	1+2	320
LOPEZ COMESAÑA BELARMINO	76.990.986	81.661	2+2	360
LOPEZ PEREZ BALTASAR (1)	36.049.503	23.640	2	180
LOPEZ RIVERA JUAN R	36.042.561	76.566	2	180
MURADAS BLANCO BEATRIZ	36.094.001	21.999	2+2	360
MARCUÑO RAMOS AINHOA	36.164.915	80.936	1	140
MARTINEZ AREA M <sup>a</sup> JOSE	36.080.025	21.953	1	140
MENDEZ LEMA NURIA	36.116.566	21.976	1+2	320
MONTENEGRO GREGORIO M <sup>a</sup> DOLO.	36.134.169	82.403	1	140
MOSQUERA CARBALLO ODILO	34.980.777	79.160	2+2	360
MOURIÑO BARROS M CARMEN	36.034.765	80.770	3+3	580
NERI CRESPO CECILIA	42.854.155	81.991	2+2+2	540
OGANDO LOPEZ XOSE M	76.699.569	13.913	2	180
OJEA DOMINGUEZ JOSE LUIS	36.050.799	81.050	3	290
OSORIO CALLES ANA MARIA	35.306.090	80.571	2+2	360
PAJON SANTOS ALFONSO	36.129.786	77.988	2+2	360
PARENTE VIGO M <sup>a</sup> TERESA	36.138.958	80.477	2	180
PASTORIZA ROZAS JOSE FELIX	36.121.570	82.362	2	180
PECO LORENZO FLORENTINO	76.891.307	79.135	2	180
PENA GARCIA SUSANA	36.129.838	80.278	2	180
PEREIRAS BERMEJO VIRGINIA	78.737.463	80.769	1	140
PEREZ LOPEZ JOSE LUIS	36.008.149	76.565	3	290
PEREZ MEDRANO ESTHER	34.927.407	14.999	3	290
PEREZ RODRIGUEZ ISABEL	36.088.703	80.819	1	140
PEREZ RODRIGUEZ JOSE F	36.066.520	76.567	2+2	360
PIO LOPEZ MERCEDES	36.009.026	17.727	3	290
PORTOMEÑE CORREIRA LUCIA	33.348.860	80.395	2+2	360
QUIROS GARCIA ANA	36.105.320	21.657	2+2+2	540
RAPOSO AGUIA JOSE M	36.042.125	15.579	1+2	320
RIVADULLA FERNANDEZ ROSA M	36.060.053	23.478	3	290
RIVAS GONZALEZ EUGENIA	36.043.400	23.685	3	290
RIVEIRO CEA LIDIA MARIA	36.106.357	80.682	2+2	360
RODRIGUEZ BASTOS ENRIQUE	36.062.463	77.220	2+3	470
RODRIGUEZ CALVO JOSE M	33.274.040	23.679	2+2	360
RODRIGUEZ FERNANDEZ XAVIER	34.967.837	80.072	2+2	360
RODRIGUEZ RIAL LARA	36.091.020	80.574	1	140
ROMAN BREIJO MANUEL	36.089.934	80.567	1+2	320
ROMAN LAGO IGNACIO	36.136.431	82.163	1+2	320
ROMERO COBAS JOSE LUIS	36.031.425	14.723	2	180

ROMERO FALQUE XOSE LOIS	36.029.647	78.928	1	140
SANCECILIO VIEITEZ ROSA	36.053.090	22.094	2+2+3	650
SANCHEZ DOMINGUEZ ALFONSO	36.034.248	16.449	3	290
SANCHEZ DOMINGUEZ SEVER. (2)	34.981.981	78.154	2	180
SANMARTIN CERQUEIRA JOSE M.	36.128.192	76.568	1+2+2	500
SANZ ALONSO CARMEN MARIA	36.063.965	22.125	2	180
SIGNO MARTINEZ PALMIRA M <sup>a</sup>	36.109.250	82.148	2	180
SOLER VIDAL M <sup>a</sup> RICARDO	36.104.951	79.640	1+1	280
SOTO FERNANDEZ M CARMEN	36.128.761	23.484	2+2	360
TABOADA GONZALEZ SILVIA	36.116.263	79.158	2+2	360
TEIJEIRO GUEREIRO M REMEDIOS	36.117.307	22.734	1+2	320
TOBIO VILLAR M <sup>a</sup> DEL CARMEN	36.088.774	80.031	2+3	470
VARELA ESTEVEZ ROBERTO	36.130.545	82.118	1	140
VAZQUEZ AGULLA MIGUEL	36.105.440	81.759	1	140
VAZQUEZ PAZO RAMON	35.995.747	79.386	2	180
VAZQUEZ RODRIGUEZ JAVIER	46.732.412	82.355	1	140
VIDAL CALVAR MONTSE	36.088.692	23.797	2+2	360
VILLAR GONZALEZ M BEGOÑA	36.044.028	23.805	3	290
VILLARES VILA MODESTA	36.084.242	22.540	2	180
VILLAVERDE VILLAVERDE JOSE M	36.117.712	80.494	1+1	280
<b>TOTAL</b>				<b>41.060 €</b>

DIAZ ALVAREZ PABLO – denegado por non asistir o fillo a garderia

(1) 1 fillo denegado por falta documentación

(2) cónxuxe denegado

(3) 1 fillo denegado por non ser estudos oficiais

<b>TOTAL GRUPOS</b>	<b>114.120 €</b>
---------------------	------------------

Segundo.- Denegar axudas -ou parte das solicitadas- aos/ás empregados/as que se especifica, segundo os códigos numéricos indicados nas táboas do apartado primeiro, pola motivación exposta na proposta da Comisión Xestora de data 28/01/2013.

Terceiro.- As contías para cada un dos tramos rexíuse polas seguintes claves:

CLAVES	TRAMO 5	TRAMO 4	TRAMO 3	TRAMO 2	TRAMO 1
CLAVE 1	55€	65€	90€	120€	140€
CLAVE 2	65€	85€	115€	160€	180€
CLAVE 3	135€	150€	190€	240€	290€
CLAVE 1	GARDERIAS E PREESCOLAR				
CLAVE 2	PRIMARIA , SECUNDARIA, FP., ETC.				
CLAVE 3	UNIVERSIDADE E FP DE GRAO SUPERIOR				

#### **14.- CONCESIÓN AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 23875/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefe do servizo de Recursos Humanos do 08-02-13, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 14-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 28/01/2013 por un importe total de **8.093,00 €** (OITO MIL NOVENTA E TRES EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>Nº Persoal</b>	<b>EUROS</b>
Calvar Ríos, Moisés	36142373	79383	813,00 €
Faro Chamadoira, Angeles	36033947	15071	2.229,00 €
Jorge García, Javier	52483519	23099	926,00 €
López Fernández, María Luisa	33792970	76269	1.832,00 €
Rodríguez Rey, Enrique	36000962	8332	2.293,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>8.093,00 €</b>

#### **15.- BASES REITORAS PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS COMO DIPLOMADOS/AS EN ENFERMERÍA. EXPTE. 23725/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de RR HH de data 14-01-13, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 05-02-13, a ampliación de informe do técnico de Planificación e Organización de RR HH do 13-02-13 e novo informe de fiscalización da Intervención do 15-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases específicas rectoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de Diplomados/as en Enfermería, e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para público coñecemento.

Segundo.- Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de

lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 13 de xuño do 2011.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DA LEI 7/2007, DO 12 DE ABRIL, (E.B.E.P) PARA DIPLOMADOS/AS EN ENFERMERÍA (SUBGRUPO A2)**

#### **I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

*E obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha bolsa de emprego de Diplomados/as en Enfermería, que permita a cobertura interina de diplomados/as en enfermería, prevista no artigo 10.1 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

#### **I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL**

*Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:*

*a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*

*b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*

*c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*

*d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción*

*disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

*e) Estar en posesión do título académico oficial de Grao ou Diplomatura en Enfermería, titulación esixida para o acceso á praza segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (aprobada en Xunta de Goberno Local do 20/09/2010 e publicada no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do, xunto coa súa modificación puntual publicada no BOP nº 60 de 26/03/2012).*

*Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.*

*A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a aportación, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, de fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requerido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo na data previa ao nomeamento como funcionario/a interino, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.*

*En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a aportación de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; aportación que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.*

*Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, ésta deberá acreditarse mediante a aportación coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza á cal se opta (Diplomado/a en Enfermería).*

*Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.*

*O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.*

*O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente nos rexistros públicos indicados, ou ben facendoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal*

[www.vigo.org](http://www.vigo.org) dentro da sección “Ofertas de Emprego” e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñeráse de un formulario de taxa e impreso de selección de persoal.

## **II.-SISTEMA DE SELECCION**

O sistema de selección será o de oposición libre.

## **III.-FASE DE OPOSICIÓN**

**EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:**

Primeiro exercicio. - De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito no tempo máximo de 2 horas catro temas elixidos ó chou mediante sorteo público, que se celebrará polo órgano de selección en presenza dos aspirantes, correspondentes co temario anexo ás presentes bases, dos cales un tema corresponderá á parte xeral do temario e os tres restantes á parte específica.

Na presente proba avaliaranse tanto o volume de coñecementos dos/das aspirantes, a facilidade de exposición escrita, así como a capacidade de relación conceptual e de síntese nas conclusións e razoamentos.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio. - De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en desenvolver por escrito dous supostos prácticos relacionados co temario específico da convocatoria, durante un período máximo de dúas horas, que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza cuxa provisión se pretende.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, mais non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Os/as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, quen poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao/á aspirante calquera aclaración que considere oportuna sobre o suposto práctico desenvolvido.

Na dita proba avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio. - Obrigatorio e non eliminatorio. Proba de informática.

Consistirá nunha proba de coñecementos a nivel usuario de contornos operativos windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar), utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc) e recursos informáticos

básicos (xestión de páxinas web, internet) no tempo que estableza o órgano de selección, avaliándose de 0 a 2 puntos.

Cuarto exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 4 (equivalente ao antigo certificado de perfeccionamento) no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Disposición adicional 2ª da Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

O órgano de selección poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que éste acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante con maior puntuación na fase de oposición; de persistir o empate, polo que acredite mais méritos na fase de concurso. De seguir persistindo o empate, a/o de maior idade e se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.



Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

#### **IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN**

Será de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base I anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental") e, no seu caso, do título CELGA 4 (equivalente ao antigo certificado de perfeccionamento).

#### **V.- PUBLICIDADE**

O anuncio da presente convocatoria publicarase na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), nun dos diarios de maior tirada da provincia e no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Vigo. A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboeiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que éstas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de **catro días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

#### **VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN**

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial, ou técnico medio do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado no subgrupo A1 de titulación, como mínimo, ou ben no subgrupo A2.

*Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.*

*Secretario/a:*

*-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.*

*Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.*

*Vogais:*

*-Un funcionario/a de carreira do Concello de Vigo, con título universitario de Diplomado universitario ou equivalente como mínimo, que comparecerá en todo caso a título individual.*

*-Dous funcionarios/as do Concello de Vigo, dos seus organismos autónomos ou de calquera das Administracións Públicas territoriais, que dispoñan do título universitario de Diplomado universitario ou equivalente como mínimo, que comparecerán en todo caso a título individual.*

*Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrucción.*

*Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.*

*Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, poidendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.*

*O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.*

*Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente*

establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **lista de substitucións**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento ou contratación cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garanti-lo dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza.

## T E M A R I O

### **BLOQUE I: PARTE XERAL**

- Tema 1.- A Constitución española de 1978. Principios xerais e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais. Garantía e suspensión.
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia . Principios xerais e estrutura.
- Tema 3.- Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. Sometemento da Administración a lei e o dereito. Fontes do Dereito Público.
- Tema 4.- O Municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.
- Tema 5.- Organización Municipal. Competencias municipais.
- Tema 6.- Funcionamento dos órganos colexiados locais locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.
- Tema 7.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións, O procedemento disciplinario.
- Tema 8.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.

### **BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA**

- TEMA 1: Concepto e clasificación das drogas
- TEMA 2: Aspectos psicosociais das drogodependencias
- TEMA 3: Epidemioloxía das drogodependencias
- TEMA 4: Farmacoloxía básica en drogodependencias

- TEMA 5: *Bases científicas da drogadicción*
- TEMA 6: *Alcol: concepto, farmacología e patróns de consumo*
- TEMA 7: *Alcol: Intoxicación alcohólica. Diagnóstico de alcoholismo*
- TEMA 8: *Alcol: Complicacións crónicas do alcoholismo. Síndrome de abstinencia*
- TEMA 9: *Alcol: tratamento do alcoholismo*
- TEMA 10: *Opiáceos: Historia, concepto, clasificación, farmacología e patróns de consumo*
- TEMA 11: *Opiáceos: Etioloxía, diagnóstico e evolución da dependencia de opiáceos*
- TEMA 12: *Opiáceos: Tratamento da dependencia de opiáceos. Complicacións orgánicas*
- TEMA 13: *Papel da enfermería na dependencia de opiáceos*
- TEMA 14: *Benzodiacepinas e outros sedantes: Intoxicación e dependencia. Abordaxe terapéutica*
- TEMA 15: *Cocaína: Intoxicación e dependencia. Abordaxe terapéutica*
- TEMA 16: *Anfetaminas e outros estimulantes: Intoxicación e dependencia. Abordaxe terapéutica*
- TEMA 17: *Drogas de síntese: Tipos, intoxicación e dependencia. Abordaxe terapéutica*
- TEMA 18: *Tabaco: Dependencia nicotínica. Diagnóstico e complicacións*
- TEMA 19: *Tabaco: tratamento do tabaquismo*
- TEMA 20: *Alucinógenos. Psicodislépticos: clínica e tratamento*
- TEMA 21: *Cannabis: clínica e tratamento*
- TEMA 22: *Inhalables: clínica e tratamento.*
- TEMA 23: *Complicacións orgánicas das drogodependencias*
- TEMA 24: *Drogodependencias e comorbilidade psiquiátrica*
- TEMA 25: *Urxencias en drogodependencias*
- TEMA 26: *Enfermería materno-infantil en drogodependencias*
- TEMA 27: *Análise de drogas de abuso*
- TEMA 28: *Drogodependencias: Diagnósticos de enfermería (NANDA II), intervencións (NIC) e clasificación de resultados (NOC).*
- TEMA 29: *Plan de trastornos adictivos de Galicia 2011-2016: Liñas estratéxicas*
- TEMA 30: *Plan local de drogodependencias e outras adiccións de Vigo 2011-2016*
- TEMA 31: *Estratexia nacional sobre drogas 2009-2016: principios reitores e obxectivos xerais*
- TEMA 32: *Organización funcional dos centros de asistencia aos trastornos adictivos no Servizo Galego de Saúde*
- TEMA 33: *A rede asistencial de drogodependencias en Galicia: tipoloxía de dispositivos e circuío asistencial*
- TEMA 34: *Catálogo de programas asistenciais do PGD: programas e subprogramas*
- TEMA 35: *Unidade asistencial de drogodependencias: características xerais e procesos asistenciais*
- TEMA 36: *Unidade de día: características xerais e procesos asistenciais*
- TEMA 37: *Comunidade terapéutica: características xerais e procesos asistenciais*
- TEMA 38: *Programas asistenciais de drogodependencias no ámbito hospitalario*
- TEMA 39: *Programas de redución do dano: fundamentos, tipos, recursos*
- TEMA 40: *Rehabilitación e integración social do drogodependente."*

**16.- PROPOSTA NOMEAMENTO EN PROPIEDAD INTENDENTES DA POLICÍA LOCAL (OEP 2008). EXPTE. 23906/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do 18-02-2013, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do Servizo que di o seguinte:

*“A Xunta de Goberno Local en sesión de 07 de marzo de 2011, adoptou acordo nomeando funcionarios en prácticas con cargo a prazas vacantes de Intendente da Policía Local, aos aspirantes propostos polo órgano de selección designado para a provisión de 2 prazas de Intendente da Policía Local (subgrupo A1), correspondentes á oferta de emprego público do ano 2008, e que son: D. Francisco Martínez Muñoz, con DNI nº 36.023.165-J e D. Alberto Carballo Acuña, con DNI nº 36.069.952-H.*

*O xefe do servizo de formación en Seguridade Pública da Academia Galega de Seguridade Pública, con data 06 de febreiro de 2013 remite ao Concello de Vigo escrito no que comunica que os Intendentes en prácticas D. Francisco Martínez Muñoz, con DNI nº 36.023.165-J e D. Alberto Carballo Acuña, con DNI nº 36.069.952-H, superaron o curso selectivo de capacitación para a categoría de Intendente dos Corpos da Policía Local de Galicia, polo que poderá procederse a súa toma de posesión como funcionarios de carreira con cargo a prazas vacantes no cadro de persoal municipal de Intendente.*

*Por iso, de conformidade co previsto no Artº 127.h, da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, así como o disposto no art. 40 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, o Técnico de Organización e Planificación de RR.HH, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

**“Primeiro.-** Nomear funcionarios de carreira con cargo a prazas vacantes de Intendente da Policía Local, pola quenda libre, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2008, aos funcionarios en prácticas D. FRANCISCO MARTÍNEZ MUÑOZ, con DNI nº 36.023.165-J e D. ALBERTO CARBALLO ACUÑA con DNI nº 36.069.952-H, que superaron o regulamentario curso selectivo na Academia Galega de Seguridade Pública, segundo escrito de data 06/02/2013, remitido pola xefa do servizo de formación en Seguridade Pública.

**Segundo.-** Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira con efectos do día 01 de marzo de 2013”.

*O presente acordo notifíquese aos interesados, Servizo de Recursos Humanos, Intervención Xeral, Organización e Métodos, Comité de Persoal e concelleiro-delegado e xefe da Area de Mobilidade, e Seguridade.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a precedente proposta.

## **17.- DAR CONTA DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS DO CONCELEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

- a) **ADSCRICIÓN DO FUNCIONARIO D. GUSTAVO RODRÍGUEZ BARTOL Á ÁREA DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 23904/220.**

**Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal do 07-02-13, que di o seguinte:**

*“A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 2 de febreiro de 2013, acordou a modificación da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e, posteriores modificacións publicadas no BOP de 26 de marzo, 23 de maio, 3 de agosto e 18 de setembro de 2012) na Área de Benestar Social (Expte 23870-220), acordando a adecuación retributiva excepcional e singular do posto de traballo código “Técnico/a Administración Xeral”, cód 46, nun posto de “asesor xurídico adxunto”, cód. 230, modificando o nivel do complemento de destino do 26 ao 28, nos termos da instrución do servizo asinada polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 24 de xaneiro de 2013 e pola motivación técnica, organizativa e funcional exposta no escrito do xefe da Área de Benestar Social de data 23 de xaneiro de 2013, procedendo así mesmo á adscrición do mesmo a xefatura de área, cód. 300”.*

*Considerando que a urxencia no desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo correspondente á Asesor Xurídico Adxunto, faise necesario o recurso á figura da adscrición provisional para a provisión transitoria do posto de traballo concreto, recollida no artigo 7 do vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, sen prexuízo da súa provisión con carácter definitivo polos procedementos correspondentes, nos termos do previsto na normativa vixente (concurso ou libre designación);*

*En aplicación do disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico, onde se establece que serán cubertos polo sistema de libre designación aqueles postos de traballo que así estean determinados na relación de postos deste Concello, sendo en calquera caso cubertos por este procedemento os postos técnicos de nivel igual ou superior ó 26;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como aquelas competencias que en canto á xefatura do persoal municipal teño delegadas pola Xunta de Goberno Local (Acordo de 17/06/2011), pola presente*

### **R E S O L V O**

**“Primeiro.-** Adscribir ao funcionario municipal D. Gustavo Rodríguez Bartol, con praza de Técnico de Admon. Xeral, Escala de Administración Xeral, subgrupo A1, nº de persoal 22421, ao posto de traballo denominado “Asesor xurídico adxunto” (código retributivo 230) vacante na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das

*funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo da Área indicada, toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico, e sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo polos procedementos legamente previstos (concurso ou libre designación).*

**Segundo.-** *Da presente resolución déase traslado ao interesado xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Intervención Xeral Municipal, así como ao Comité de Persoal, para coñecemento e aos efectos oportunos.*

**Terceiro.-** *Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

**A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.**

**b)       ADSCRICIÓN DO FUNCIONARIO D. ANTONIO VIVERO MIJARES AO POSTO DE TRABALLO "XEFE/A DA ÁREA DE MOBILIDADE, SEGURIDADE, TRÁFICO, TRANSPORTES E EXTINCIÓN DE INCENDIOS". EXPTE. 23883/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal do 01-02-13, que di o seguinte:

*“Na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) figura vacante o posto de traballo código 210.00, denominado “Xefe/a da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios” (código retributivo 220) por xubilación do funcionario provisionalmente adscrito ao mesmo. A configuración do posto de traballo indicado na RPT vixente permite que o mesmo poda ser ocupado por un técnico superior, encadrado no subgrupo A1 de titulación e na escala de administración xeral ou especial.*

*Considerando que a urxencia no desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo correspondente á Xefatura da Área indicada impide que se aprace no tempo a provisión do mesmo, faise necesario o recurso á figura da adscrición provisional para a provisión transitoria do posto de traballo concreto, recollida no artigo 7 do vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, sen prexuízo da súa provisión con carácter definitivo polos procedementos correspondentes, nos termos do previsto na normativa vixente (concurso ou libre designación);*

*En aplicación do disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico, onde se establece que serán cubertos polo sistema de*

*libre designación aqueles postos de traballo que así estean determinados na relación de postos deste Concello, sendo en calquera caso cubertos por este procedemento os postos técnicos de nivel igual ou superior ó 26;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como aquelas competencias que en canto á xefatura do persoal municipal teño delegadas pola Xunta de Goberno Local (Acordo de 17/06/2011), pola presente*

## **R E S O L V O**

*“Primeiro.- Adscribir ao funcionario municipal D. Antonio Vivero Mijares, con praza de licenciado en Dereito, Escala de Administración Especial, subgrupo A1, nº de persoal 21054, ao posto de traballo denominado “Xefe/a da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios” (código de posto 210.00, código retributivo 220) vacante na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo da Área indicada, toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico, e sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo polos procedementos legalmente previstos (concurso ou libre designación).*

*Segundo.- Da presente resolución déase traslado ao interesado xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da Área afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Intervención Xeral Municipal, así como ao Comité de Persoal, para coñecemento e aos efectos oportunos.*

*Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

**c) ADSCRICIÓN PROVISIONAL DA FUNCIONARÍA DA. ALICIA MEIRIÑO FERNÁNDEZ AO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE NEGOCIADO DE ACTAS. EXPTE. 23907/220**



Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal do 21-01-13, que di o seguinte:

*“Na Relación de Postos de traballo vixente, publicada no BOP de data 16 de novembro de 2010, e rectificacións publicadas no BOP de 26 de marzo e 18 de setembro de 2012, figura vacante na actualidade, entre outros, un posto coa denominación de Xefe/a de Negociado de Actas, o cal se atopa vacante, por xubilación da súa titular en data 6 de xaneiro de 2013.*

*En data 7 de xaneiro de 2013, o Secretario Xeral do Pleno da Corporación, solicita a adscrición provisional ao referido posto, da administrativa de administración xeral adscrita ao Servizo de Secretaría Xeral, D<sup>a</sup>. Alicia Meiriño Fernández, nº persoal 15817, que dende que se atopa vacante desempeña as funcións da referida Xefatura de negociado, procedendo a súa adscrición provisional ao posto cód. 163-Xefe/a Negociado de Actas.*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, sobre a delegación de competencias que ostento en materia de persoal,*

#### **R E S O L V O:**

*“Primeiro.- Adscribir provisionalmente á Administrativa de Administración Xeral D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Alicia Meiriño Fernández, nº persoal 15817, ao posto cód. 163-Xefe/a Negociado de Actas, con efectos do 7 de xaneiro de 2013.*

*Segundo.- Consecuencia da referida adscrición, desempeñará as funcións xerais do posto de xefatura de negociado, aprobadas polo Pleno da Corporación na súa sesión de 4 de outubro de 2007, e as específicas do posto ao que se adscribe.*

*Terceiro.- Da presente resolución dese traslado á interesada, Secretario do Pleno da Corporación, Secretaria do Goberno Local, Secretario da Administración Municipal, Xefa do Servizo de Recursos Humanos, Xefa da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH. e negociado de Seguridade Social), Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal.”*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

**d) RECOÑECEMENTO DE GRAO PERSOAL AO FUNCIONARIO MUNICIPAL  
D. ANTONIO ALONSO FERNÁNDEZ. EXPTE. 23863/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal do 30-01-13, que di o seguinte:

*“Recoñecer ao funcionario de carreira deste Concello con praza de arquitecto e adscrito ao posto de Xefe Servizo Desenvolvemento Urbanístico, D. Antonio Alonso Fernández, con DNI 36006599-F e nº de persoal 22183, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28 motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto dese nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal”.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

**e) TRASLADO PROVISIONAL DA FUNCIONARÍA D<sup>A</sup> NOEMI YOLANDA  
VIÉITEZ OITABÉN. EXPTE. 23898/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal do 13-02-13, que di o seguinte:

*“Ante a próxima apertura da aula da Universidade a Distancia (UNED) no edificio sito na rúa San Vicente 3 do Casco Vello, de uso municipal por acordo co Bispado Tui-Vigo, faise necesario o traslado dun subalterno para atención de ditas instalacións.*

*En data 25 de setembro de 2008, a Técnica de Prevención de Riscos Laborais emitiu informe en relación ás probas de Vixilancia da Saúde realizadas a D<sup>a</sup> Noemi Yolanda Viéitez Oitabén, oficial sepultureira polo médico especialista en Medicina do Traballo, colexiado nº 36/00006218/08, en representación da Sociedade de Prevención FREMAP, emitiu informe no que se recolle que, aplicados os protocolos médicos, a traballadora é considerada para o traballo de oficial spultureira como apta con limitacións, sendo trasladada á Conserxería Municipal.*

*Realizado novo recoñecemento médico aplicando os protocolos médicos polo mesmo colexiado, segundo informe da Técnica de Prevención de Riscos Laborais de data 6 de xuño de 2011, foi considerada como NON APTA, polo que a traballadora non deberá volver ao posto de oficial sepultureira.*

*O art. 25.1 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece, dentro dos principios da acción preventiva, que o empresario aplicará as medidas que integran o deber xeral de prevención previsto no art. 14, efectuando a tal fin e se fose oportuno a adaptación do traballo á persoa, en particular no que respecta á concepción dos*

postos de traballo, así como a elección dos equipos e os métodos de traballo e de produción (apartado d), substituíndo o perigoso polo que entraña pouco ou ningún perigo (apartado f) e tomando en consideración as capacidades profesionais dos traballadores no momento de encomendarlle tarefas (apartado 2).

Considerando o recollido no art. 81.2 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do EBEP, así como o art. 30 bis, do Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, contempla a posibilidade de trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando, no seu caso, a adscrición dos postos de de traballo dos que sexan titulares.

Por isto, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 7 de febreiro de 2013 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como aquelas competencias que en canto á xefatura do persoal municipal teño delegadas pola Xunta de Goberno Local (Acordo de 8 de febreiro de 2013), pola presente

#### **R E S O L V O**

“Primeiro.- Trasladar provisionalmente a funcionaria municipal D<sup>a</sup> Noemi Yolanda Viéitez Oitabén, DNI 36098356-V, n<sup>o</sup> de persoal 79409, con praza de oficial sepultureira (cod. retributivo 205), adscrita ao Servizo de Conserxería –código 201- ao Servizo de Educación –código 332-, Aula UNED, baixo a dirección da Xefatura de dito Servizo.

Segundo.- Da presente resolución déase traslado á interesada xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Intervención Xeral Municipal, así como ao Comité de Persoal, para coñecemento e aos efectos oportunos.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

#### **f) XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO MUNICIPAL D. CARLOS ALONSO ALONSO. EXPTE. 23856/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal do 04-02-13, que di o seguinte:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do empregado municipal (en réxime laboral) D. CARLOS ALONSO ALONSO, con data de efectos 23/02/2013, con n<sup>o</sup> de persoal 12747, data de nacemento 23/02/1948, con praza e posto de oficial mecánico (pto. 231), grupo C2 de titulación e grupo de tarifa 09, adscrito ao Servizo de Parque Móbil (445), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e déase conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”*

**A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.**

**g) XUBILACIÓN OBRIGATORIA DA FUNCIONARÍA DA. M<sup>A</sup> ANGELES VIDAL MIRALLES. EXPTE. 238014/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal do 29-01-13, que di o seguinte:

*“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria da funcionaria municipal DNA. MARÍA ÁNGELES VIDAL MIRALLES, con data de efectos 06/01/2013, con nº de persoal 9484, data de nacemento 06/01/1948, con praza de Administrativa de Administración Xeral e posto de Xefa de Negociado de Actas (pto. 163), grupo C1 de titulación e grupo de tarifa 03, adscrita ao Servizo de Secretaría Xeral (110), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo á interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e déase conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

**h) XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. JOSÉ LUÍS VILLARROEL VILA. EXPTE. 238004/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal do 29-01-13, que di o seguinte:

*“Primeiro.- Declarar a xubilación do empregado público municipal (en réxime laboral) D. JOSÉ LUIS VILLARROEL VILA, con data de efectos 05/01/2013, con nº de persoal 15421,*

con praza de oficial e posto de oficial mecánico (pto. 231), grupo C2 de titulación e grupo de tarifa 8, adscrito ao Servizo de Parque Móbil (445), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e déase conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."*

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

### **SERVIZOS CENTRAIS**

#### **18.- INICIO VÍA DE CONSTRINXIMENTO CONTRA EMPRESA DEBEDORA "ALVARADO FRÍO DISTRIBUCIONES, S.L." EXPTE. 6674/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11-02-13, da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos, conformado pola xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

*"A Entidade Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo constituíuse en setembro do ano 2008, creada polos propietarios das parcelas, o Consorcio da Zona Franca e o Concello de Vigo.*

*Trátase dunha entidade de dereito público cuxa finalidade é a de regular as relacións xurídicas entre os propietarios e usuarios do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, no marco da ordenación urbanística desenvolvida polo Plan Parcial de Ordenación, o Proxecto de Urbanización do Parque, así como das modificacións puntuais realizadas; todos eles aprobados polo Concello de Vigo.*

*Esta Entidade ten xenericamente por obxecto a conservación das obras de urbanización e mantemento das dotacións e instalacións dos servizos xerais do Parque asumindo a conservación das zonas verdes, viais e beirarrúas, mobiliario urbano e sinalización e instalacións de alumeadado público. Así como a prestación dos servizos de recollida e xestión de residuos sólidos urbanos e a limpeza viaria.*

*O día 11 de xullo de 2012, D. José Luciano Martínez Covelo, na súa calidade de Presidente da Entidade, presentou escrito no Concello de Vigo solicitando o inicio da vía administrativa de constrinximento contra a empresa debedora Alvarado Frío Distribuciones, S.L., NIF B-36858006, polo impago das cotas da parcela 6.7 da rúa 3 do Parque Tecnolóxico e Loxístico. A dita solicitude achegábase:*

- Certificado emitido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo relativo á venda da parcela á empresa Alvarado Frío Distribuciones, S.L..
- Copia das facturas que adebeda a empresa, correspondentes as cotas mensuais do período de outubro a novembro do ano 2010, marzo e abril do ano 2011, xuño a decembro do ano 2011, e xaneiro a maio do ano 2012.
- Certificación emitida polo Presidente da Xunta Directiva relativa á débeda que mantén a empresa coa Entidade e ao acordo da Xunta Directiva adoptado o 12 de abril de 2012 de iniciar a vía de prema.
- Copia da acta da reunión da Xunta Directiva celebrada o 12 de abril de 2012 na que se adoptou o acordo de solicitar, a través do seu representante legal, ao Concello de Vigo o inicio da vía de prema.
- Copia dos reiterados requirimentos de pagamento da débeda pendente con indicación da forma de facelo efectivo, así como os acuses de recibo dos mesmos.
- Copia do burofax enviado pola Entidade a través da súa letrada, advertindo á empresa do inicio da vía de prema no caso de non efectuar o ingreso no período de quince días.
- Maior de contas de Alvarado Frío Distribuciones, S.L., co seu saldo pendiente a 31 de maio de 2012, que ascende a 7.657,76 euros.

## **FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

O artigo 32.10 dos Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo recolle expresamente como facultade da Xunta Directiva a de: Solicitar da Administración municipal a aplicación do procedemento executivo e a vía de constrinximento para o cobro das cotas que adebeden os asociados.

Así mesmo, o artigo 41.1. dos Estatutos establece que: As cotas dos socios e demais cantidades que deban satisfacer estes serán ingresadas nos prazos e datas que fixe a Xunta Directiva. A partir da data na que sexan esixibles devengarán xuros legais de mora ata o seu completo aboamento. No caso de impago, as cotas poderán ser esixidas mediante reclamación en vía civil ordinaria ou a través do Concello pola vía executiva do procedemento de prema, entregándose neste caso á Entidade as cotas recibidas polo Concello.

Doutra banda, o artigo 70.1 do Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do Solo e Ordenación Urbana establece que: Calquera que fose o suxeito a quen corresponde a obriga de mantemento á que se refiren os artigos precedentes, o Concello ou administración actuante, na súa condición de titular dos terreos de dominio público, obras, dotacións e instalacións obxecto de cesión obrigatoria, poderá esixir pola vía de prema as cotas que se adebeden, sexa de oficio, ou a instancia, no seu caso, da entidade urbanística colaboradora.

O artigo 110.6 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia recolle que: As cotas de conservación que corresponda satisfacer aos membros da entidade urbanística de conservación serán obrigatorias e esixibles pola vía de prema.

*Segundo o artigo 163.1 da Lei Xeral Tributaria, o procedemento de prema é exclusivamente administrativo e a competencia para entender do mesmo e resolver todas as súas incidencias corresponde unicamente á Administración tributaria.*

*A providencia de apremio será título suficiente para iniciar o procedemento de constrinximento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados.*

*Dito procedemento non será acumulable aos xudiciais nin a outros procedementos de execución. A súa iniciación ou tramitación non suspenderá a iniciación daqueles, salvo cando proceda de acordo co establecido na Lei Orgánica 1/1987, de 18 de maio, de Conflictos Xurisdicionais, ou coas normas do artigo 164 da Lei Xeral Tributaria.*

*O procedemento de apremio se iniciará e impulsará de oficio en todos os seus trámites e, unha vez iniciado, só se suspenderá nos casos e na forma prevista na normativa tributaria. Se iniciará mediante providencia notificada ao obrigado na que se identificará a débeda pendente, se liquidarán os recargos que procedan e se lle requirirá para que efectúe o pago.*

*O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*– Quedar enterada das seguintes cotas de conservación adebedadas pola sociedade mercantil Alvarado Frío Industrial, S.L. (NIF B-36.858.066) á Entidade de Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:*

<i>ANO</i>	<i>MES</i>	<i>FACTURA Nº</i>	<i>COTA</i>
<i>2010</i>	<i>Outubro</i>	<i>2010/A348</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2010</i>	<i>Novembro</i>	<i>2010/A386</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2011</i>	<i>Marzo</i>	<i>2011/A082</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2011</i>	<i>Abril</i>	<i>2011/A120</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2011</i>	<i>Junio</i>	<i>2011/A196</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2011</i>	<i>Julio</i>	<i>2011/A237</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2011</i>	<i>Agosto</i>	<i>2011/A276</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2011</i>	<i>Setembro</i>	<i>2011/A315</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2011</i>	<i>Outubro</i>	<i>2011/A354</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2011</i>	<i>Novembro</i>	<i>2011/A393</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2011</i>	<i>Decembro</i>	<i>2011/A431</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2012</i>	<i>Xaneiro</i>	<i>2012/A7</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2012</i>	<i>Febreiro</i>	<i>2012/A48</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2012</i>	<i>Marzo</i>	<i>2012/A86</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2012</i>	<i>Abril</i>	<i>2012/A124</i>	<i>478,61 €</i>
<i>2012</i>	<i>Maio</i>	<i>2012/A163</i>	<i>478,61 €</i>
		<i>TOTAL</i>	<i>7.657,76 €"</i>

*A Xunta de Goberno Local queda informada do anterior informe-proposta.*

### **SERVIZOS XERAIS**

#### **19.- PROPOSTA DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE "ALUGUER DE MAQUINARIA PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 274/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 29-01-13, do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico da área de Fomento e máis polo concelleiro-delegado de área; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 13-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de "aluguer de maquinaria para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo" (expediente 274-440), subscrito con Sercosya Proyectos y Obras S.A. (CIF: A-36319622), con data de sinatura 14 de outubro de 2010, polo período comprendido entre o 14 de outubro de 2012 ao 13 de outubro de 2013, que segundo informe do INE supón un **6,6 %** de incremento do todos os prezos unitarios de maquinaria e man de obra indicados nos anexos I e II do prego de prescricións técnicas particulares do contrato, sen que supoña modificación do importe máximo do mesmo, que segundo prórroga aprobada pola Xunta de Goberno Local de 5 de outubro de 2012, era de 424.800 €, co seguinte desglose correspondente ao exercicio 2013:

2013 (1 de xaneiro de 2013 ao 13 de outubro de 2013) 283.200,00 €

#### **20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CUSTES ASOCIADOS AO PROXECTO REDE DE SUMIDOIROS RÚA ENRIQUE LORENZO. EXPTE. 1750/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-02-13, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de área; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 15-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar os custes asociados ao proxecto de "Renovación da rede de saneamento na Rúa Enrique Lorenzo", de acordo co seguinte detalle:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO, S.L.	3.310,61 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO, S.L.	3.310,61 €
Coordinador de Seg. e Saúde	ENMACOSA	2.400,00 €
	SUMA	9.021,22 €
	11% Gastos de Xestión	992,33 €
	TOTAL (IVE, non engadido)	10.013,55 €



**21.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CUSTES ASOCIADOS AO PROXECTO REMATE REDE DE SUMIDOIROS AREAL. EXPTE. 1751/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-02-13, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de área; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 15-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar os custes asociados ao proxecto de “Terminación da rede de alcantarillado na Rúa Areal (tramo cancelleiro a República Argentina), de acordo co seguinte detalle:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO, S.L.	8.953,32 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO, S.L.	8.953,32 €
Coodinador de Seg. e Saúde	ENMACOSA	2.238,32 €
Control Arqueolóxico	ADRO ARQUEOLOGÍA	7.575,61 €
	SUMA	27.720,57 €
	11% Gastos de Xestión	3.049,26 €
	TOTAL (IVE, non engadido)	30.769,83 €

Faise constar expresamente, que estes custes, serán asumidos na súa totalidade pola empresa concesionaria Aqualia, S.A.; según o establecido na cláusula quinta do citado acordo.

**22.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CUSTES ASOCIADOS AO PROXECTO REPOSICIÓN REDE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO CAMELIAS-FASE I. EXPTE. 1752/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-02-13, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de área; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 15-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar os custes asociados ao proxecto de “Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda Camelias. Dase 1 (Alvaro Cunqueiro – Rúa Ourense”, dacordo co seguinte detalle:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO, S.L.	11.399,06 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO, S.L.	11.399,06 €

Coordinador de Seg. e Saúde	COORDINA	2.849,77 €
	SUMA	25.647,89 €
	11% Gastos de Xestión	2.821,27 €
	TOTAL (IVE, non engadido)	28.469,16 €

**23.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA BRASIL". EXPTE. 2307/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 14-02-13, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a prórroga para a obra “**Humanización da Rúa Brasil**”, da empresa CIVIS-GLOBAL, S.L. (antes MOVEXVIAL, S.L.) pasando a ser o novo prazo de finalización das obras o próximo **30 de xuño de 2014**, non significando incremento algún sobre o orzamento da obra.

24.- Rogos e preguntas.

**1.- ACTA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 08 E 15 E EXTRAORD. URX. DO 15 E 19 DE FEBREIRO DE 2013.**



## ASESORÍA XURÍDICA

### **2.- DAR CONTA DAS SEGUINTES SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POLA ASESORÍA XURÍDICA:**

A).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A Nº 328/2011 P.A. DEMANDANTE: D. CELSO ALONSO BLANCO. OBXECTO: RECLAMACIÓN DE RETRI-BUCIÓNS. 2ª INSTANCIA APELACIÓN Nº 262/2012. TSXG, SALA DO C-A, SECCIÓN 1ª. DECLARA DESERTO O RECURSO, CON CUSTES TAXADAS Á APELANTE. EXPTE Nº 7102-111

B).- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN 2ª. RC-A Nº 02/4479/2010. DEMANDANTE: "ASOC. PROF. PROV. DE AUTOTAXIS DE PONTEVEDRA". OBXECTO: RÉXIME DE DESCANSOS ROTATORIOS POR QUENDAS UN DÍA POR SEMANA (PERÍODO DE PROBA). NON FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPDTE. Nº 6331-111.

C.- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A Nº 140/2012 P.O. DEMANDANTE: "VODAFONE ESPAÑA, S.A.". OBXECTO: LIQUIDACIÓN DE TAXAS POR OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA POR SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL. NON FIRME, ESTIMA O RECURSO, ANULA OS ACTOS RECORRIDOS E AS LIQUIDACIÓNS, CON CUSTAS TAXADAS. EXPDTE. Nº 7324/111

D.- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A Nº 150/2012 P.O, (E 170/2012 ACUMULADO). DEMANDANTE: "FRANCE TELECOM ESPAÑA, S.A.". OBXECTO: LIQUIDACIÓN TAXAS POR UTILIZACIÓN DA VÍA PÚBLICA PARA SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL 2010 E 2011 E CUESTIÓN DE ILEGALIDADE DE 3 ARTIGOS DA OF Nº 35. NON FIRME, ESTIMA O RECURSO, ANULA O ACTO E AS LIQUIDACIÓNS RECORRIDAS. EXPDTE. Nº 7359/111

E).- SENTENZA DO XULGADO PRIMEIROA INSTANCIA Nº 8 DE VIGO, XUÍZO VERBAL (CIVIL) Nº 627/2012. DEMANDANTE: Dª JOSEFA FRAGA CONDE. ESTA SENTENZA, FIRME, ESTIMA A DEMANDA (ACCIÓN REIVINDICATORÍA) E DECLARA QUE O "RAMAL 1 DO CAMINO DO CASTAÑAL CON INICIO NO CAMINO DO CASTAÑAL E REMATE NA FINCA Nº 7." É DA PROPIEDADE DA ACTORA, CONDENANDO AO CONCELLO Á "RESTITUIR" O TERREO REIVINDICADO, CON CUSTAS DE OFICIO. EXPDTE. Nº 7585/111

F).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A Nº P.O. 317/2011. DEMANDANTE: CP. LOCAIS COMERCIAIS DA ÁREA DO MERCADO DO PROGRESO. OBXECTO:PECHE DE COMUNICACIÓN INTERIOR ENTRE O MERCADO MUNICIPAL E OS LOCÁIS COMERCIAIS PRIVADOS. NON FIRME, NEGA A EXISTENCIA DE TÍTULO XURÍDICO QUE XUSTIFIQUE A PRETENSIÓN DA DEMANDANTE. EXPDTE. Nº 6849/111.

**G).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A Nº 364/2012 RA. DEMANDANTE: D<sup>A</sup> ESTRELLA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. OBXECTO: CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA, FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPDTE. Nº 7709/111.**

**H).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A Nº 341/2012 RA. DEMANDANTE: D. EMILIO BARROSA ÁLVAREZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. FIRME, DESESTIMA O RECURSO, CON CUSTAS TAXADAS DE OFICIO. EXPDTE. Nº7698/111**

**I).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A P.O. 75/2011. DEMANDANTE: D. JOSÉ CARLOS ALONSO PÉREZ. OBXECTO: ACCIDENTE MOTO. FIRME, ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO E CONDENA Á CONTRATISTA {SERCOYSA P.-C.S.A.) A INDEMNIZAR AO DEMANDANTE, ABSOLVE AO CONCELLO E Á SÚA ASEGURADORA. EXPDTE. Nº 6810/111.**

**I).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A Nº 98/2011 P.O. DEMANDANTE: "EXCLUSIVAS ORALFI, S.L.". OBXECTO: RESOLUCIÓN TE-A. FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPDTE. Nº 7070/111.**

**M).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A Nº 396/2012 RA. DEMANDANTE: REALE CÍA. DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A. OBXECTO: ASOLAGAMENTO CÁNIDO Nº 241. ACEPTA O DESESTIMENTO DA ACTORA ( A CONCESIONARIA INDEMNIZOU Á RECLAMANTE). EXPDTE. Nº 7722/111**

**N).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A Nº 83/2011 P.O. DEMANDANTE: D. MANUEL MARTÍN SABOR. OBXECTO: CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. NON É FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPDTE. Nº 6833/111**

**Ñ).- AUTO DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA Nº 7 DE VIGO. PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 699/2005. DEMANDANTE: D. JESÚS FREIRÉ PICHÍN E OUTRAS 3 PERSOAS MÁIS. OBXECTO: AC-CIÓNS DECLARATIVAS DE DOMINIO E DEREITOS EDIFICABLES E NEGATORIA DE SERVIDUMES. NON É FIRME, DECLARA A CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO (ART. 237.1 E 240.2 LAC) E TEN POR DESISTIDOS AOS ACTORES DA DEMANDA. EXPDTE. Nº 6833/111 <sup>7</sup>**

**O).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A Nº 166/2011 P.O. DEMANDANTE: D. LUIS R. ÁLVAREZ MARTÍN. OBXECTO: ACCIDENTE CICLISTA. 2<sup>A</sup> INSTANCIA APELACIÓN Nº 7122/2012. TSXG, SALA DO C-A, SECCIÓN 3<sup>A</sup> . RESOLVE A APELACIÓN DA ACTORA, DESESTIMÁNDOA, CON CUSTAS TAXADAS. EXPDTE. Nº 6666/111**

**P).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A RA. 374/2012. DEMANDANTE: D<sup>A</sup> M<sup>A</sup> ISABEL MARTÍNEZ ALONSO. OBXECTO: CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA, FIRME, ESTIMA**

PARCIALMENTE O RECURSO, ANULA O ACTO RECORRIDO. A CONTRATISTA (AQUALIA) MANIFESTA QUE VAI ASUMIR DIRECTAMENTE A EXECUCIÓN DO RESOLTO. EXPDTE. N° 7715/11

Q).- SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL N° 5 DE VIGO. RECURSO: 821/2012. DEMANDANTE: DELFINO PEREIRA RODRÍGUEZ. SENTENZA FIRME, ESTIMA A DEMANDA EN MATERIA DE IMPUGNACIÓN DE SANCIÓN QUE INTERPUXO O DEMANDANTE. XULGADO DO SOCIAL N° 5 DE VIGO. EXPTE. 7565/111.

R).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE VIGO. RC-A N° RA. 366/2012. DEMANDANTE: D. MANUEL MONTES PINTOS. OBXECTO: ASOLAGAMENTO DO VEHÍCULO. DECLARA REMATADO O PROCEDIMENTO. EXPDTE. N° 7716/111.

### **BENESTAR SOCIAL**

3.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN CASA DE CARIDADE-HOGAR SAN JOSÉ. EXERCICIOS 2013-2014. EXPTE. 80155/301.

### **CONTRATACION**

4.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA: EKIPO, S.L. EXPTE. 4356/241.

5.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA: SELGA, SLU. EXPTE. 4281/241.

6.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA: UTE LIBER-CUENTOS DEL MUNDO. EXPTE. 4354/241.

7.- SOLICITUDE DE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A., DE ACLARACIÓN AO PT DE SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓN. EXPTE. 6446/113.

### **CULTURA**

8.- CONTRATOS DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA, XANEIRO 2013. EXPTE.14131/331.

### **DEPORTES**

9.-BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO. TEMPORADA 2012-2013. EXPTE. 11943/333.

### **DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO**

10.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E OS CENTROS DE ESTUDO MEGA, S.L. E

**CEICA, S.L, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORÁIS. EXPTE. 9509/77.**

**FESTAS**

**11.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CINECLUB LUMIÈRE VIGO, PARA A PROGRAMACIÓN DUN CICLO DE PELÍCULAS EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O ANO 2013. EXPTE. 4984/335.**

**MEDIO AMBIENTE**

**12.- PROPOSTA DE NON AUTORIZACIÓN DE CIRCOS CON ANIMÁIS NOS TERREOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9241/306.**

**RECURSOS HUMANOS**

**13.- CONCESIÓN AXUDAS POR ESTUDOS CURSO 2012-2013, CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 23882/220.**

**14.- CONCESIÓN AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 23875/220.**

**15.- BASES REITORAS PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS COMO DIPLOMADOS/AS EN ENFERMERÍA. EXPTE. 23725/220.**

**20.- PROPOSTA NOMEAMENTO EN PROPIEDAD INTENDENTES DA POLICÍA LOCAL (OEP 2008). EXPTE. 23906/220.**

**17.- DAR CONTA DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

**ADSCRICIÓN DO FUNCIONARIO D. GUSTAVO RODRÍGUEZ BARTOL Á ÁREA DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 23904/220.**

**ADSCRICIÓN DO FUNCIONARIO D. ANTONIO VIVERO MIJARES AO POSTO DE TRABALLO "XEFE/A DA ÁREA DE MOBILIDADE, SEGURIDADE, TRÁFICO, TRANSPORTES E EXTINCIÓN DE INCENDIOS". EXPTE. 23883/220.**

**ADSCRICIÓN PROVISIONAL DA FUNCIONARÍA DA. ALICIA MEIRIÑO FERNÁNDEZ AO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE NEGOCIADO DE ACTAS. EXPTE. 23907/220**

**RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL AO FUNCIONARIO MUNICIPAL D. ANTONIO ALONSO FERNÁNDEZ. EXPTE. 23863/220.**

**TRASLADO PROVISIONAL DA FUNCIONARÍA D<sup>A</sup> NOEMI YOLANDA VIÉITEZ OITABÉN. EXPTE. 23898/220.**

**XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO MUNICIPAL D. CARLOS ALONSO ALONSO. EXPTE. 23856/220.**

**XUBILACIÓN OBRIGATORIA DA FUNCIONARÍA DA. M<sup>A</sup> ANGELES VIDAL MIRALLES. EXPTE. 238014/220.**

**XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. JOSÉ LUÍS VILLARROEL VILA. EXPTE. 238004/220.**

### **SERVIZOS CENTRAIS**

**18.- INICIO VÍA DE CONSTRINXIMENTO CONTRA EMPRESA DEBEDORA "ALVARADO FRÍO DISTRIBUCIONES, S.L." EXPTE. 6674/407.**

### **SERVIZOS XERAIS**

**19.- PROPOSTA DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE "ALUGUER DE MAQUINARIA PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 274/440.**

**20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CUSTES ASOCIADOS AO PROXECTO REDE DE SUMIDOIROS RÚA ENRIQUE LORENZO. EXPTE. 1750/440.**

**21.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CUSTES ASOCIADOS AO PROXECTO REMATE REDE DE SUMIDOIROS AREAL. EXPTE. 1751/440.**

**22.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CUSTES ASOCIADOS AO PROXECTO REPOSICIÓN REDE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CAMELIAS-FASE I. EXPTE. 1752/440.**

**23.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA BRASIL". EXPTE. 2307/443.**

**24.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás ----- . Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.